

ACTA DO XURADO CALIFICADOR DO TERCEIRO CERTAME LITERARIO CONVOCADO POLO EXCMO. AXUNTAMENTO DE VILLALBA.

En Villalba, ás dazasete horas do dia vintedous de agosto de mil novecentos setenta e sete, na casa consistorial, reuniuse o Xurado calificador do Terceiro Certame Literario convocado polo Axuntamento de Villalba, composto por DOÑA MARIA DOLORES SOTO ROUCO, como presidente; DON MARCIAL GONZALEZ VIGO (radiofonista); DON GERINO NUÑEZ DIAZ (Periodista); e DON JUAN SOTO GUTIERREZ (periodista), como vocales; e DON XULIO XIZ RAMIL, que actúa de Segredario, acordando por maioria, o seguinte

F A L L O :

--PREMIO JOSE MARIA CHAO LEDO, subvencioado polo Diputación Provincial, dotado con vintecinco mil pesetas, diploma e fror natural ao mellor poema inédito de metro e tema libres, ó poema titulado "A EMIGRANTE", presentado co lema "O ROUSIÑOL DE PRADELA"; que, aberta a plica, resultou ser autor do mesmo DON MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ, de Barcelona.

--PREMIO MANUEL MATO VIZOSO, subvencioado polo Axuntamento de Villalba, dotado con vinte mil pesetas e diploma, prò melior traballo periodístico que co tema "VILLALBA I OS SEUS HOMES POLITICOS", sexa publicado en calquier periódico nacioal, ó ser o único traballo presentado, concédese á serie con igual tíduo orixinal de DON JOSE LUIS GARCIA MATO, publicada no periódico EL PROGRESO, de Lugo.

--PREMIO ANTONIO GARCIA HERMIDA, subvencioado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza i a Comisión de Festas, pra nenos de menos de quince anos, dotado con dez mil pesetas e diploma, ao mellor poema inédito de metro e tema libres; Concédese a JULIO BAAMONDE CAMPOS, de nove anos, veciño de Lugo, Serra Ganidoira, -35, polo poema "MIS AMIGOS".

--PREMIO CARMEN PRIETO ROUCO, subvencioado polo Banco Exterior de España, pra nenas de menos de quince anos, dotado con dez mil pesetas e diploma, ao mellor poema inédito de metro e tema libres, a EULALIA ROCHA FRAGA, de 12 anos, Alumna do Colexio Nacional Mixto comarcal de Foz, polo seu poema ""RETRATO"".


Eisimesmo, e tendo en conta a calidade dos traballos dala base -- primeira-poesía-, o Xurado acorda crear duas MENCIONES DE HONOR, sin dotación económica, que se otorgan a:

--""CANCIÓN DO EISILIO""", presentada co lema "LOPE DE AMIGO", orixinal de DON RAMON ANTONIO PERNAS LOPEZ, de Madrid.

--""CECAIS, GALICIA""", presentado co lema "XAN DAS XESTAS", orixinal de DOÑA MARIA DEL PILAR CAMPO DOMINGUEZ, de Lugo.

As vinte horas, remátase a laboura do xurado, firmando todolos/ membros o orixinal da presente acta.

  
maria dolores soto r.  


  
Juan Soto Gutierrez  
